



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|----------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2019/20 |
| Asignatura (*) | Sociolingüística | Código | 652G04044 | |
| Titulación | Grao en Logopedia | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Cuarto | Optativa | 4.5 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | Lourido Hermida, Isaac | Correo electrónico | isaac.lourido@udc.es | |
| Profesorado | Lourido Hermida, Isaac | Correo electrónico | isaac.lourido@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Estudo e análise da situación sociolingüística da lingua galega. | | | |
| Plan de continxencia | | | | |

| Competencias do título | |
|------------------------|--|
| Código | Competencias do título |
| A3 | Coñecer e integrar os fundamentos lingüísticos da Logopedia: Fonética e fonoloxía, morfosintaxe, semántica, pragmática, sociolingüística. |
| A20 | Coñecer e implementar as axudas técnicas á comunicación. |
| B5 | Aprender autonomamente, e motivarse para facelo de forma continuada. |
| B10 | Capacidade para motivarse e procurar a calidade na actuación profesional. |
| B11 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional. |
| B17 | Saber expresarse en público. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|-----|-----|------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | | | Competencias do título |
| Coñecer e aplicar os fundamentos lingüísticos da Logopedia. | A3 | | |
| Coñecer técnicas de comunicación. | A20 | | |
| Aprender autonomamente e aprender a aprender. | | B5 | |
| Procurar a calidade na actividade profesional. | | B10 | |
| Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional. | | B11 | |
| Saber expresarse en público | | B17 | |
| Expresarse correctamente en galego, tanto de forma oral como escrita. | | | C1 |
| Desenvolver o espírito crítico e comprometerse coas realidades lingüísticas dominadas. | | | C4 |
| Valorar a importancia que ten a investigación e a innovación no avance cultural da sociedade. | | | C8 |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| 1. Concepto de Sociolingüística. A sociolingüística sobre o galego. | 1.1. Linguaxe, cultura e pensamento. 1.2. Historia da reflexión sociolingüística sobre o galego. |



| | |
|--|--|
| 2. Marco teórico e conceptos chave. | 2.2. Monolingüismo, bilingüismo, plurilingüismo. 2.3. Diglosia e conflito lingüístico. Os procesos de substitución lingüística. 2.4. Actitudes e preconceptos sobre as linguas. O caso galego. |
| 3. Planificación e dinamización lingüística. | 3.1. A planificación como proceso. 3.2. A planificación do corpus. 3.3. A planificación do status. |
| 4. Lingua, poder e comunicación. | 4.1. As linguas como poder. 4.2. Construíndonos na lingua. |

| Planificación | | | | |
|------------------------|--------------------------------|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Lecturas | B5 C4 C8 | 2 | 6 | 8 |
| Presentación oral | A3 A20 B10 B17 C1 | 4 | 24 | 28 |
| Estudo de casos | A3 A20 B5 B10 C1 C4 | 4 | 24 | 28 |
| Discusión dirixida | A3 B17 C1 C4 | 4 | 32 | 36 |
| Sesión maxistral | A3 A20 B5 B10 B11 B17 C1 C4 | 8 | 0 | 8 |
| Actividades iniciais | C1 C4 | 2.5 | 0 | 2.5 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|----------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Lecturas | Lectura crítica de textos relacionados coa materia obxecto de estudo e realización de traballos e actividades de diferentes tipo a partir deles. |
| Presentación oral | Exposición na aula dun dos aspectos do temario, fundamentada en lecturas previas e nunha preparación coordinada coa persoa docente. |
| Estudo de casos | Solución a casos simulados relacionados coas exposicións das sesións maxistrais e integrados na pescuda de innovacións que procuren a saída aos conflitos. |
| Discusión dirixida | Debate sobre temas de actualidade relacionados coa materia con exposicións razoadas e argumentadas. |
| Sesión maxistral | Presentación dos conceptos fundamentais para comprender a materia e deseño de guías orientativas para unha aprendizaxe autónoma. |
| Actividades iniciais | Coñecemento, a través dunha enquisa anónima, do nivel de coñecementos e do grao de espírito crítico do alumnado. |

| Atención personalizada | |
|------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Presentación oral | O alumnado terá que realizar as lecturas propostas como obrigatorias e as actividades vinculadas a elas. Cada estudante exporá na aula un dos aspectos que integran o temario, nunha actividade que será previamente orientada e supervisada polo docente. |

| Avaliación | | | |
|--------------|--------------|---|---------------|
| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
| Lecturas | B5 C4 C8 | Para cada lectura obrigatoria será proposta a realización dunha actividade asociada (recensión, traballo breve, preparación de debate, entre outras), na cal será valorada especialmente a reflexión crítica sobre os contidos e sobre a aprendizaxe persoal. | 30 |



| | | | |
|-------------------|------------------------|--|----|
| Presentación oral | A3 A20 B10 B17 C1 | Cada estudante realizará unha exposición na aula sobre un aspecto do programa previamente acordado coa persoa docente, que apoiará e supervisará a o proceso de preparación. Para alén da clareza expositiva e da reflexión crítica, será valorada a calidade lingüística e a adecuación ao contexto comunicativo. | 35 |
| Estudo de casos | A3 A20 B5 B10 C1 C4 | Tras as explicacións da persoa docente presentaranse problemas para seren solucionados, quer oralmente quer por escrito, razoando as respostas xustificadamente e con criterios rigorosos. | 35 |

Observacións avaliación

Os traballos vinculados ás lecturas e a presentación oral teñen carácter obrigatorio. Considerarase non presentado na materia quen non entregar todos os traballos obrigatorios. Aplicarase unha penalización do 25% sobre a cualificación final dos traballos se estes foren entregados fóra de prazo sen causa xustificada.

Na segunda convocatoria (xullo) será aplicado o mesmo sistema de avaliación da primeira convocatoria. Os/as estudantes que non tivesen superado a materia terán que entregar os traballos que non foron entregados na convocatoria anterior ou que non obtivesen unha cualificación do 40% da nota máxima de cada traballo. O prazo de entrega dos traballos concluirá na data oficial do exame da materia establecida pola facultade.

O estudantado a tempo parcial e con dispensa académica será avaliado da seguinte maneira: lecturas (40%) e traballo tutelado (60%). O traballo tutelado versará sobre os mesmos temas e terá unha estrutura análoga á da presentación oral do sistema de avaliación da primeira convocatoria.

O alumnado que se presente á convocatoria adiantada de decembro será avaliado co mesmo sistema previsto para o estudantado a tempo parcial e con dispensa académica.

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - BASTARDAS I BOADA, A. (1996). "Política y planificación lingüísticas". Martín Vide, C. (ed.), Elementos de lingüística, 341-360. Barcelona: Octaedro - IGLESIAS ÁLVAREZ, A. (2002). Falar galego: "no veo por qué". Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia. Vigo: Xerais - FREIXEIRO MATO, X.R. (2002). Lingua galega: normalidade e conflito. Santiago: Laivento - GARCÍA NEGRO, M. P. (2009). De fala a lingua: un proceso inacabado. Brión: Laivento - GARCIA NEGRO, M. P (1991). O galego e as leis. Aproximación sociolingüística . Vilaboa, Po: O Cumio - LORENZO SUÁREZ, A. (2005). "Planificación lingüística de baixa intensidade: o caso galego". Cadernos de Lingua, 27: 37-59. - NÚÑEZ SINGALA, M. (2009). En galego, por que non? Contra os prexuízos e as simplificacións sobre a lingua galega . Vigo: Galaxia - REAL ACADEMIA GALEGA (2016). Lingua e sociedade en Galicia. A evolución sociolingüística 1992-2013. A Coruña: Real Academia Galega - SANMARTÍN REI, G. (2010). Lingua e futuro. Ames: Laivento - VV.AA (2002). O proceso de normalización do galego. 1980-2000. Volumes I, II e III. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (2014). Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego. Anos 2003, 2008 e 2013, www.ige.eu/enquisas |
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none"> - CONSTENLA BERGUEIRO, G. (1997). Ensaio sociolingüístico. Antoloxía. Vol. 44 da Historia da Literatura Galega . Vigo: A Nosa Terra - FAGIM, V. (2015). O galego (im)posíbel. Aínda máis. Compostela: Através Editora - GARCÍA NEGRO, M. P. (1993). Sempre en galego . Santiago: Laivento - GARCÍA NEGRO, M.P. (2009). Sobre o racismo lingüístico. Ames: Laivento - RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, F. (1991). Conflicto lingüístico e ideoloxía en Galicia. Santiago: Laivento - SÁNCHEZ VIDAL, P. (2010). O debate normativo da lingua galega (1980-2000). A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza - VILLARES NAVEIRA, L. (2010). Estudos xurídicos sobre o Decreto para o plurilingüismo. Ames: Laivento |



| Recomendacións |
|---|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente |
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
| Materias que continúan o temario |
| Observacións |

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías